



**BASES PARA O
CERTAME LITERARIO
DO EXCMO. CONCELLO
DE VILALBA**



XXXVI EDICIÓN

VILALBA, 2000

PRIMEIRA.- Premio *Excmo. Concello de Vilalba*, dotado con **500.000** pesetas e diploma ó mellor traballo inédito de narrativa, en galego.

SEGUNDA.- Premio *Excmo. Concello de Vilalba*, dotado con **150.000** pesetas, diploma e flor natural ó mellor poema inédito escrito en lingua galega, de metro libre.

TERCEIRA.- Poderán concorrer tódolos autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

CUARTA.- Os autores e autoras gozarán de absoluta liberdade, tanto no tema como na extensión dos traballos.

QUINTA.- As obras en narrativa poderán ser indistintamente: novelas, contos ou relatos. Cada autor poderá presentar tantos traballos como deseexe.

SEXTA.- As orixinais presentaranse mecanografiadas a dobre espacío e por unha soa cara, en papel tipo folio. Por cada obra enviaranse cinco copias.

SÉTIMA.- Tódolos traballos han presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo constalo tema que distinga o traballo e a Base á

que concorren. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora.

OITAVA.- Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó Concello de Vilalba, facendo constar no exterior do sobre "*Para o Certame Literario*" e a Base á que concorren.

NOVENA.- O prazo de admisión de traballos rematará ás 12 horas do día 14 de xullo de 2000.

DÉCIMA.- Polo feito de participar no Certame, os autores aceptarán o dictame do Xurado, que será inapelable. Os traballos non premiados serán destruidos xunto coas súas plicas. Este Xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha de ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O dictame do Xurado darase a coñecer o día 22 de agosto de douce mil, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comienzo das festas de *S. Ramón e Sta. María* de 2000 e, de ser posible, asistirán os autores premiados ou persoa que os represente.